

## Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de Xunta de Facultade ordinaria  
29 de xaneiro de 2020**

## Asistentes:

### *Equipo decanal*

Alonso Bacigalupe, Luis, decano  
Galanes Santos, Iolanda, secretaria  
Vicedecanas/os  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Figueroa Dorrego, Jorge Juan  
Seijas Montero María

### *Sector (A) Profesorado*

Agustín Guijarro, Javier de  
Álvarez Lugrís, Alberto  
Báez Montero, Inmaculada C.  
Baxter, Robert Neal  
Becerra Suárez, M.<sup>a</sup> del Carmen  
Bringas López, Ana  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Cabeza Pereiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
Candelas Colodrón, Manuel A.  
Caneda Cabrera, M.<sup>a</sup> Teresa  
Chas Aguión, Antonio  
Cortés Gabaudán, Helena  
Corvo Sánchez, M.<sup>a</sup> José  
Cuevas Alonso, Miguel  
Dasilva Fernández, Xosé Manuel  
Fariña Busto, M.<sup>a</sup> Jesús  
Fernández Ocampo, Anxo  
Fernández Rodríguez, Áurea  
Fernández Salgado, Xosé A.  
García González, Marta  
García-Miguel Gallego, José M.<sup>a</sup>  
González Álvarez, M.<sup>a</sup> Dolores  
Ledo Lemos, Francisco José  
Lorenzo García, M.<sup>a</sup> Lourdes  
Luna Alonso, Ana  
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
Miquel Vergés, Joan  
Montero Domínguez, Xoán  
Montero Küpper, Silvia  
Montero Reguera, José Francisco  
Pereira Rodríguez, Ana M.<sup>a</sup>  
Pérez Guerra, Javier  
Rama Martínez, M.<sup>a</sup> Esperanza  
Ramallo Fernández, Fernando  
Ribao Pereira, Montserrat  
Ripoll Delebourse, Virginia  
Rodríguez Barcia, Susana  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Ruzicka Kenfel, Veljka

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, do 29 de xaneiro de 2020, ás 12 h en primeira convocatoria, e ás 12.30 h en segunda convocatoria no salón de actos da FFT**

Ábrese a sesión ás 12.37 h.

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14/01/2020, en anexo).
2. Informe do decano
3. Aprobación, se procede, da liquidación do orzamento do exercicio 2019
4. Aprobación, se procede, do orzamento do exercicio 2020
5. Debate e toma de decisión sobre a proposta de Graos Abertos na FFT.
6. Rolda aberta de intervencións.

## DELIBERACIÓNS

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14/01/2020).**

Apróbase por asentimento a acta da sesión do 14/01/2020.

2. **Informe do decano**

O decano informa de que foi convocado a unha reunión en Reitoría sobre a **PDA** que tivo lugar no día de hoxe. Nela tratouse sobre os graos abertos, o límite de prazas e os descontos de centro. A PDA de inicio é practicamente a mesma cá de fins do curso anterior. Mantense o límite de número de prazas, que non pode ser inferior a 50 prazas, por decreto. A proposta de descontos é a mesma có ano pasado, salvo no relativo á captación de alumnado que seguirá un sistema novo. Estes descontos aínda non están incorporados á proposta.

**Eleccións.** O decano informa de que se presentou unha candidatura a decanato encabezada polo profesor José Montero Reguera e que no día de hoxe se realizará a proclamación provisional da candidatura, en seguimento do calendario oficial aprobado.

**Campaña de captación para 2020-2021.** O decano informa de que xa se están a realizar charlas de captación de alumnado en centros educativos de secundaria. Indica, ademais, que a Reitoría lanzou

Seoane Posse, Elena C.  
Solla González, Amparo  
Soto Andión, Xosé  
Suárez Briones, Beatriz  
Sueiro Justel, Joaquín  
Urdiales Shaw, Martín  
Veiga Díaz, M<sup>a</sup> Teresa  
Yáñez Bouza, Nuria  
Yuste Frías, José

**Sector (B) Profesorado**

López González, Rebeca Cristina  
Romero Fresco, Pablo

**Sector (C) Alumnado**

Bará Louro, María  
Cabanelas Freijeiro, Sabela Celia  
Custodio Fabre, Iria  
Freire Armada, Vanesa  
Gómez Carrera, Francisco Jesús  
López Morillo, Pedro Luis  
Míguez Bóveda, Carla  
Pereira Romasanta, Raquel  
Ribas Giadás, Adriana  
Vázquez Alonso, Aroa  
Villaverde Rios, Aicha  
Zels Garrido, Alba

**Sector (D) PAS**

López González, Rosa María  
Otero Rey, María Belén

**Desculpas e ausencias xustificadas**

Alonso Alonso, Rosa  
Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa  
Baltrusch, Burghard  
Bello Davila, Cristina  
Carrillo Rodríguez, Lara  
Costas González, Xosé Henrique  
Cruces Colado, Susana  
Del Pozo Triviño, M<sup>a</sup> Isabel  
Domínguez Castro, Luís  
Díaz Fouces, Óscar  
Iglesias van der Woude, Miguel  
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
Luna Sellès, Carmen  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Quilis Sanz, M<sup>a</sup> José  
Pérez Álvarez, Raúl Manuel  
Sánchez Trigo, M<sup>a</sup> Elena  
Valado Fernández, Liliana  
Veiga López, Daniel

**Ausencias sen xustificar**

Angueira Viturro, Anxo  
Arias Freixedo, Xosé Bieito  
Fernández Álvarez, M. Santiago

unha iniciativa para participar no programa de charlas científico divulgativas. As charlas da FFT integráranse no bloque 8. *Lingua, Lingüística e Literatura*.

Prevese que se oferten ata 3 charlas por facultade e serán actos divulgativos para institutos (como máximo 2 por centro), que terán lugar no próximo curso entre o 15 de novembro de 2020 e o 31 de maio 2021. O prazo para presentar propostas de charlas ante o Decanato remata o venres 31 de xaneiro ás 14 horas. O decano anima aos membros da xunta a presentaren propostas. Estas transmitíranse de modo inmediato á Unidade de Captación da Reitoría.

**Edugal.** O decano informa de que se vai realizar esta feira nos días 12 a 14 de febreiro en Pontevedra e solicita persoas voluntarias do profesorado e tamén do alumnado para participaren nese evento en nome do centro.

**Calendario de verificación de mestrado e grao.** O decano informa de que se aprobou no Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020, o *Calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2021/2022*. En virtude do cal se establece que a data para presentar as declaracións de interese é o 20 de febreiro de 2020. Indica, ademais, que hai espazo para novos posgraos e que sería bo continuar coa proposta de **Mestrado en ELE**, malia a que a USC se retirase recentemente (decembro) da proposta conxunta interuniversitaria do SUG a iniciativa da Universidade de Vigo.

A **comisión de reforma do grao CLEL** segue en curso e os asuntos nos que está a traballar actualmente son a denominación do título e mais a integración dun módulo formativo especializado en lingua de signos. Parece que esta proposta do módulo de Lingua de signos sería un importante atractivo, en opinión das autoridades autonómicas responsábeis do ensino superior.

Os profesores Montero Reguera e Rodríguez Guerra precisan con posterioridade á reunión e antes de que se aprobe a acta que:

*“o que se acordou na comisión foi estudar a incorporación de catro materias de Lingua de signos (24 créditos en total) en primeiro e segundo do novo grao, cunha distribución de créditos similar á dos outros catro idiomas (portugués, inglés, francés e alemán) nese primeiro ciclo. Non se falou en termos de “módulo (formativo)” e si dos problemas para xestionar a inclusión destes 24 créditos de Lingua de signos sen que lle afecte á estrutura dos 90 créditos compartidos con Linguas estranxeiras, o que obrigará a realizar as oportunas consultas coa Vicerreitoría correspondente”.*

**Graos abertos.** Aínda que se tomarán as decisións pertinentes (adhesión e, de ser o caso, número de prazas) no punto 5 da orde do día, o decano informa de que xa enviou a declaración de interese para implantar un grao aberto na FFT. A razón de adiantar o trámite débese a que a Resolución reitoral do 3 de xaneiro modificaba o

Gamallo Valladares, Andrea  
Garrido Rodríguez, Carlos  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
Gómez Guinovart, Fco. Xavier  
González Maestro, Jesús  
Llantada Díaz, M.<sup>a</sup>Francisca  
Martín Lucas, Belén  
Morales Nico, Gelsys de la Caridad  
Navaza Blanco, Gonzalo  
Nogueiras Justo, Francisco Manuel  
Parada Diéguez, Arturo  
Paradelo Veiga, Marinha  
Peres Rodríguez, José Henrique  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Rifón Sánchez, Antonio  
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo  
Rubio Llarás, María  
Salceda Rodríguez, Hermes  
Tizón Couto, David

prazo inicialmente previsto (31/01/2020) e estableceu como límite para presentar a declaración o 22 de xaneiro. Pareceu conveniente presentala e, caso de non aprobarse, desistir despois desta declaración. Non sería posible presentala nin adherirse á iniciativa *a posteriori*, isto é, se non se presentase esta declaración no dito prazo.

O decano informa de que se presentou unha reclamación á proposta de **Mención de excelencia** para os mestrados aprobada na anterior Xunta de Facultade (14/01/2020) por ser unha delas extemporánea respecto do prazo interno de presentación de candidaturas no Negociado de Asuntos Xerais. O decano explica que se decidiu aceptar todas as candidaturas recibidas antes da Xunta de Facultade, por existir espazo para todas elas e por estaren dentro do prazo da Reitoría (15/01/2020). Tomouse a decisión de propoñer todas, por seren 2 as candidaturas presentadas e tamén 2 as que se debían propoñer por decisión da Xunta de Facultade. Pide desculpas por se calquera persoa puido sentirse prexudicada por tal decisión. Dado que se presentou unha reclamación perante a Reitoría, será esta a encargada de resolvela.

### 3. Aprobación, se procede, da liquidación do orzamento do exercicio 2019

Envíoucelles onte a documentación da liquidación de orzamento aos membros da Xunta de Facultade. Non foi posible enviala antes por tratarse inicialmente dun documento con erratas e incompleto (Anexo 1\_Memoria económica e liquidación) que houbo que revisar. No documento de liquidación (Anexo2\_liquidación) pódese comprobar que se liquidaron practicamente todos os fondos asignados para o exercicio 2019 e quedaron obras comprometidas para 2020.

Pídese a aprobación das contas de 2019 para a liquidación de contas. Apróbbase por asentimento a liquidación do orzamento do exercicio 2019.

### 4. Aprobación, se procede, do orzamento do exercicio 2020

Enviouse igualmente onte a proposta de orzamento para o exercicio 2020 (Anexo\_3). O decano indica que con respecto ao exercicio 2019 aumentaron lixeiramente os fondos asignados á FFT, que ascenden ao total de 123.046,56 euros. A partida na que se aumentan recursos é a de obras, pois cómpre facer fronte ás múltiples reparacións necesarias que o centro ten pendentes. Explica, tamén, que se asignaron 7.000 euros para o ítem 227 relativo aos *Traballos realizados por outras empresas* que se invisten na transformación da páxina web, comprometida con retención de gasto.

Apróbbase por asentimento a proposta de orzamento.

##### 5. Debate e toma de decisión sobre a proposta de Graos Abertos na FFT

O decano resume os contidos da proposta e indica que se trata de poñer a disposición do alumnado 120 créditos convalidables dos 3 títulos de grao que se ofertan actualmente e de que o alumnado escolla 90 créditos. Pódense ofertar ata 25 prazas e deben ser polo menos 10. Informa, ademais, de que a normativa que os regule está a ser elaborada pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades. As cuestións que cómpre decidir nesta sesión son se a FFT oferta o grao aberto e, en caso afirmativo, o número de prazas que se ofertarán.

Ábrese unha quenda de intervencións que versa sobre as seguintes cuestións:

- Cal será a nota de entrada no grao, se esta nota non será unha maneira de sobardar as elevadas notas de corte dalgúns dos títulos da facultade e un xeito de restar alumnado de titulacións con menos matrícula
- Se será posible retirar a proposta en calquera fase do proceso de implantación
- Se a oferta conxunta implicará o mantemento do Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios un ano máis.

Non é posíbel ofrecer unha resposta a todas as cuestións suscitadas dada a falta de normativa e a escasa definición da proposta, no que insisten boa parte dos e das intervenientes. O decano responde que a nota de corte é, segundo a información enviada, a da máis alta das titulacións do centro. Opina que deba ser posible renunciar á proposta en calquera momento como en calquera outro procedemento administrativo. Entende, ademais, que incluír unha táboa de validacións por materias implica que se deben manter todas elas no próximo curso, incluídas as do GCLEL.

A profesora Dolores González indica que a posición case unánime do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá é posicionarse en contra da proposta por non existir, ao seu ver, unha masa crítica de alumnado que poida mellorar os números de matrícula nos graos deficitarios. Desde o Grao de Linguas Estranxeiras témesse que este tipo de iniciativas sexan un paso previo á fusión de graos e, polo tanto, á desaparición de títulos. A profesora Ana Bringas insiste en que se trata dun proceso de fusión solapado, como xa o foron os 90 créditos en común co grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Opina que é mellor promocionar os graos existentes. Outras das chatas que se lle apoñen á proposta son: a) a dificultade de coordinar as materias comúns (Prof.<sup>a</sup> Nuria Yañez), b) o cómputo deses estudantes dos graos abertos e a fuga aos títulos máis valorados (Prof. Pérez Guerra) e c) que non sexa posible renunciar á proposta unha vez que haxa alumnado matriculado (Prof.<sup>a</sup> Elena Seoane).

Intervén o profesor Candelas para sinalar que é unha oportunidade para captar novo alumnado e o decano indica que son prazas que se

ofertan a maiores o que é beneficioso para a FFT. Intervén tamén en sentido positivo o profesor Robert Neal Baxter que ve nesta proposta unha oportunidade para aumentar prazas e flexibilizar a escolla. Considera que a nota de corte é un freo e isto só pode mellorar a elección de estudos. Sinala, pola contra, que a principal dificultade serán os horarios, no que tamén coinciden outros membros da Xunta (Vanesa Freire Armada) .

Neste debate participa activamente o alumnado que, alén de expresar a súa opinión, realiza diversas propostas. Alba Zels propón que máis que crear un grao aberto sería necesario que se orientase mellor ao alumnado antes de matricularse nos graos actuais. Pola súa banda, Aroa Vázquez Alonso opina que a denominación dos actuais títulos resulta confusa e que esta proposta de grao aberto afondará nesa confusión. Propón que se facilite o cambio de grao para mellorar a oferta. Raquel Pereira Romasanta indica que as materias que se deberían compartir son precisamente a específicas e non as comúns, para poder coñecer realmente a especificidade dos contidos de cada grao. Pedro Luis López Morillo expón que os graos abertos poden ser *a priori* unha boa idea pero que a dificultade de horarios e o perigo de fusión son dúas dificultades enormes. Pola contra, Sabela Celia Cabanelas considera que é unha proposta positiva.

Intervén a profesora Rodríguez Barcia para indicar que a fusión é precisamente a única posibilidade para a oferta de Humanidades no futuro. Podería organizarse de modo que se curse un único grao con mención, e esta mención sería a especialización. Indica que a actual oferta é confusa e que este sería un bo xeito de facer atractiva esta formación.

Unha vez escoitadas todas as palabras solicitadas realízase a votación a man alzada con dúas consultas. A primeira delas é sobre se a FFT debe adherirse á oferta de graos abertos. O resultado da votación é:

Votos positivos	26
Votos negativos	21
Abstencións	6

A segunda delas é sobre o número de prazos ofertadas que deben estar entre 10 e 25 prazas. Realízanse varias propostas (de 10, 12, 15 e 20 prazas) e a proposta que recibe maiores apoios é a de ofertar 10 prazas.

Apróbase, polo tanto, que a FFT manifeste interese en adherirse ao proxecto piloto de grao aberto con base nos 3 títulos que se imparten na actualidade cunha oferta de 10 prazas para o vindeiro curso.



## 6. Rolda aberta de intervencións

María Bará pregunta se existe nova información sobre a reapertura do Servizo de Reprografía. O decano indica que non conta con máis información sobre o procedemento administrativo de concesión do servizo có xa expresado en xuntas anteriores. O procedemento está en tramitación e prevese que dure 6 meses.

O profesor Javier de Agustín agrádecelle ao decano a explicación sobre a proposta da FFT dos másteres candidatos á mención de calidade realizada no punto 2 (Informe do decano), se ben sería desexable que esta mesma explicación se dese na anterior sesión da xunta, cando se decidiu a proposta de candidaturas. O decano reitera as desculpas e lamenta o descontento.

De modo posterior o profesor Javier de Agustín achegou o texto que quere que figure na acta e que se reproduce a seguir:

*“Javier de Agustín agradece al decano que haya hecho las aclaraciones pertinentes respecto a la presentación de solicitudes de máster de excelencia, pero señala también que esas aclaraciones habría que haberlas hecho en la junta anterior, en la que se presentaron dichas solicitudes, pues la junta votó entonces sin conocer esa información fundamental, lo cual supone un error de procedimiento que hay que reconocer y subsanar.”*

O profesor José Montero intervén para presentarse como candidato a decano, así coma o equipo que o acompaña nesta aventura. Informa de que proximamente presentará o programa, que xa está bastante avanzado, e manifesta a disposición a recibir as suxestións que os membros da facultade consideren.

### ACORDOS:

- Apróbase por asentimento a acta da sesión do 14/01/2020.
- Apróbase por asentimento a liquidación do orzamento do exercicio 2019.
- Apróbase por asentimento o orzamento do exercicio 2020.
- Apróbase que a FFT manifieste interese en adherirse ao proxecto piloto de grao aberto con base nos 3 títulos que se imparten na actualidade cunha oferta de 10 prazas para o vindeiro curso.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.19 horas.

Vigo, 29 de xaneiro de 2020

Visto e prace do decano

A secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Iolanda Galanes Santos

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do  
*Regulamento interno da FFT*, art. 43 dos  
*Estatutos da Universidade de Vigo* e art. 16 da *Lei*  
*40/2015 do réxime xurídico do sector público*.

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade do 17 de febreiro de 2020

A secretaria da Facultade

Iolanda Galanes Santos